

MANIFESTO EN DEFENSA DO MERCADO LABREGO DE MELIDE

24 de xaneiro de 2021



sindicato
labrego galego
comisións labregas

Veciñas e veciños de Melide:

Estamos hoxe aquí, convocados e convocadas polo Sindicato Labrego Galego, para denunciar unha inxustiza que ten moito de menosprezo cara as persoas que, co seu traballo, garanten a nosa alimentación; e que tamén ten moito de desprezo para o noso rural.

Como ben sabedes, o Concello de Melide decretou un novo peche do mercado semanal de alimentos que se celebra todos os domingos na praza das Coles e nos seus arredores.

- Prohibiuno sen que houbera ningunha orde oficial nin da Xunta de Galicia nin do Goberno de España que avale tal prohibición.
- Prohibiuno contra a recomendación das autoridades sanitarias de dar preferencia a calquera actividade celebrada ao aire libre, antes que outras en espazos pechados, para minimizar o risco de contaxio.
- Prohibiuno contra as directrices da Comisión Europea para a crise da Covid-19, que establecen que se debe *“...garantir a cadea de subministro de produtos esenciais como medicamentos, equipos médicos, produtos alimentarios esenciais e perecedoiros e gando”*.

As labregas e labregos que damos vida a este mercado, e as consumidoras e consumidores que acudimos cada domingo a el para encher a nosa despensa, non comprendemos a teima e a reincidencia do Concello de Melide en pechar o mercado de alimentos labregos do domingo por terceira vez, despois de facelo noutras dúas

ocasiões en 2020.

Non o podemos entender baixo ningún concepto que se cancelen os mercados de alimentos de proximidade ao aire libre, xa que a venda de alimentos é unha actividade esencial.

O peche do mercado dominical está obrigando ás persoas consumidoras a acudir ás grandes superficies, espazos pechados e sen control sobre a manipulación dos alimentos que se atopan nos andeis, incrementándose así a afluencia e, polo tanto, aumentando o risco de contaxios entre a poboación.

É dicir, con esta prohibición o Concello de Melide non só non prevén a expansión da Covid-19, senón que podería estar contribuíndo a ela e forzando a unha parte da poboación a adquirir bens esenciais e de primeira necesidade en puntos de venda aos que non acudiría en circunstancias normais.

- Porque preferimos mercarlle os nosos alimentos a unha veciña ou a un veciño que os produce aquí antes que a unha empresa que os produce lonxe.
- Porque preferimos que os nosos cartos queden en Melide antes que darllos a unha grande distribuidora de alimentos que leva fóra a nosa riqueza.
- Porque apostamos coa nosa compra por un medio rural habitado e non desertizado.
- Porque nos preocupa a nosa saúde e preferimos mercar alimentos que nos inspiran confianza, que sabemos como se produciron e como se cultivaron.
- Porque preferimos manter postos de traballo dignos aquí que financiar coa nosa compra explotación laboral fóra.
- Porque a produción local de alimentos nos dá seguridade e soberanía alimentaria que nos fan máis fortes e resilientes en tempos de crise, garantindo o acceso a produtos de primeira necesidade cando os supermercados poidan ficar desabastecidos.

- Porque nos preocupan o medio ambiente e o cambio climático e parécenos unha dilapidación de recursos innecesaria o transporte, moitas veces dende distancias de miles de quilómetros, de alimentos que se poden producir perfectamente na nosa contorna e ser adquiridos sen apenas consumo de combustibles fósiles.
- Porque as labregas e labregos queremos vivir do noso traballo, e os mercados de alimentos son os nosos espazos de venda e estamos fartas de ser sempre discriminadas.

Por todo isto, e por moito máis, dende aquí demandamos:

1. Reapertura inmediata do mercado dominical de alimentos, reorganizándoo temporalmente coa distribución dos postos de venda en novos espazos que garantan as distancias e os protocolos sanitarios vixentes, tal e como indica o decreto 202/2020 do 3 de decembro.
2. Dotación de recursos materiais e humanos para garantir o cumprimento dos protocolos sanitarios anti-covid no mercado.
3. Recomendación a través de bandos, radio municipal e outros medios de difusión ao alcance do Concello de Melide, da opción de adquirir alimentos no mercado labrego como a máis segura na conxuntura actual.
4. Revisión das políticas municipais de cara a apoiar e reforzar este mercado, xa que con el se apoian a economía local, os proxectos agrogandeiros da bisbarra, o mantemento de postos de traballo, a creación de riqueza no rural ou o reforzamento da nosa soberanía alimentaria diante de crises nas que os supermercados, como ben puidemos comprobar nos últimos tempos, sofren axiña desabastecemento.

É de xustiza.

Reapertura do mercado da praza das Coles xa!